


TRABALLAR EN ESPAZOS DE IGUALDADE.

Promover medidas que garantan o acceso en igualdade de condicións ao traballo e á promoción profesional das mulleres e dos homes na Universidade de Vigo, a mellora continua da calidade na prestación de servizos e na xestión, facilitando as habilidades necesarias para realizar as funcións encomendadas, ofrecer oportunidades para ampliar os seus coñecementos son todos obxectivos que asume o vixente Plan de Formación do PAS da Universidade de Vigo, marco no que

ESTA XERENCIA RESOLVEU: convocar o curso *Traballar en espazos de igualdade*, con suxeición ás seguintes

BASES



Primeira.- Persoal destinatario.

O curso diríxese ao persoal de administración e servizos e persoal (PAS) incluído no cadro de persoal da Universidade de Vigo.

Segunda.- Obxectivos.

- Integrar a aprendizaxe de contidos en materia de igualdade de oportunidades no ámbito laboral.
- Analizar a realidade de mulleres e homes no noso ámbito próximo reflectindo as fendas de xénero.
- Desenvolver a perspectiva de xénero na práctica profesional do PAS da UVigo.
- Propiciar o intercambio de ideas e estratexias para construír espazos de igualdade no ámbito de traballo.
- Adquirir chaves para desenvolverse profesionalmente desde a cultura da igualdade.
- Afondar nos contidos dos cursos «Políticas públicas da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e promoción profesional» e «Conceptos básicos en torno á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes».

Terceira.- Desenvolvemento.

Lugar	Datas	Horario
Campus Vigo: Sala de Xuntas da ETSE de Minas	febreiro: 23, 24, 25 marzo: 2, 3 e 4	08.30 a 11.00

1. Duración: 15 horas
2. Número de asistentes por edición: o número máximo de asistentes será de 20.
3. De existir máis candidatas/os que ofertas, seguirase a orde alfabética a partir da letra que resulte do sorteo do ano 2015 que se realiza para os procesos selectivos na Comunidade Autónoma de Galicia e que se publica no DOG mediante resolución da Consellería de Facenda; no caso de que o sorteo non se realizara antes do remate do prazo de solicitudes, aplicarase a letra vixente no ano 2014. Terase en conta ao persoal que, nos últimos dous anos, estea gozando ou gozase dunha licenza de maternidade, dun permiso de paternidade, dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de fillas/os ou familiares (Lei 7/2004, do 16 de xullo-DOG 3/08/04). En todo caso terá preferencia o persoal funcionario/fixo sobre o interino/temporal.

Cuarta.- Solicitudes.

O prazo de inscrición rematará o 11 de febreiro de 2015 debendo efectuarse a través de Bubela <http://bubela.uvigo.es>, introducindo o seu nome de usuario/a e clave (de non selo deberá darse de alta), premer no enlace “Catálogo de cursos”, dentro dos cursos ofertados polo Servizo de PAS deberá seleccionar o curso “*Traballar en espazos de igualdade*” e, por último, premer no botón “Preinscribir”.

No caso de que o horario do curso coincida coa quenda de traballo do/a solicitante, cómpre, o informe favorable do/a xefe/a ou responsable da unidade correspondente a cumprimentar na solicitude do curso (anexo II) que deberá enviarse no prazo de inscrición ao Servizo de PAS a través do correo electrónico negociadopas03@uvigo.es

Quinta.- Programa.**Tema 1. Desmontando o sistema sexo-xénero**

A través de exercicios prácticos, dinámicos e colaborativos faremos unha introdución e repaso dos principais conceptos sobre xénero e igualdade de oportunidades.

Tema 2. Integrar a perspectiva de xénero no ámbito laboral

O traballo que se vai levar a cabo neste módulo servirá para que o alumado aprenda a identificar eivas e desigualdades no ámbito laboral e aplicar a perspectiva de xénero para analizar diferentes situacións.

Tema 3. Claves para traballar en igualdade

A parte final do curso estará dedicada á expor, propor e compartir estratexias e ferramentas metodolóxicas que axuden a avanzar cara á igualdade real no ámbito da Universidade de Vigo.

Sexta.- Profesorado.

M^a del Mar Fernández Cendón, Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración e Mestrado Universitario en Estudos de Xénero.

Sétima.- Control e certificacións.


1. A asistencia será voluntaria e controlarase mediante partes de sinatura ao inicio e final de cada sesión.
2. Rematado o curso, todas aquelas persoas que completasen a totalidade do horario previsto recibirán un certificado de asistencia. A inasistencia, aínda que xustificada, superior ao 20 % da súa duración suporá a non expedición do certificado correspondente e se esta é inxustificada suporá a perda do dereito a ser admitido durante un prazo de seis meses a calquera curso que se convoque, agás no suposto de que queden prazas vacantes.
3. As persoas admitidas só poderán renunciar ao curso cunha antelación mínima de dous días hábiles á data de comezo do curso, en caso contrario serán penalizados segundo se establece no punto anterior.

Oitava.- Financiamento.

Os custos da presente curso formativo imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0000421S162.00 "*Cursos de Formación PAS*".

Vigo, 23 de xaneiro de 2015

O xerente,



Manuel Fernández Jauregui